

# Morre Xohana Torres, voz imprescindible da poesía en galego contemporánea

A escritora editou no 2016 o seu último libro, «Elexía a Lola», que homenaxea á súa avoa

HÉCTOR J. PORTO  
REDACCIÓN / LA VOZ

A poeta Xohana Torres (Compostela, 1931) morreu na tarde de onte en Vigo aos 87 anos. Escritora e académica da RAG, foi unha muller pioneira na defensa da lingua e a literatura galegas, que levou, a partires dos anos cincuenta do século pasado, a espazos entón tan pouco frecuentados como a radio, as revistas, o teatro ou a propia escrita literaria. En Ferrol, onde se criou —e onde estaba destinado como mariño o seu pai—, chegou ao convencemento de que a cultura galega precisaba de vontades firmes.

Alí, como alumna do insigne profesor de Historia e Literatura Ricardo Carvalho Calero, quedou marcada para unha empresa á que lle dedicou desinteresadamente toda unha vida. Alí, ao pé da ría, cerca de cabo Prior, forxou a súa voz poética —unha das máis relevantes e esixentes das letras galegas contemporáneas que agromaron na posguerra—, sinalada pola presenza do mar, polo protagonismo dunha muller irreverente e polo seu interese en dignificar a emigración. A súa obra tocou todos os paus, tamén a narrativa, o ensaio e a literatura infantil.

Torres naceu en Compostela, criouse en Ferrol, tiña fondas raíces nas terras do Avia —pola parte da súa avoa materna, Lola, quen lle aprendeu a fala galega máis íntima e a cultura popular— e residiu en Vigo. Á súa avoa está dedicado o derradeiro libro, *Elexía a Lola* (2016), unha versión ampliada e enriquecida da homenaxe que xa lle rendera en *Estación ao mar* (1980). A edición inclúe un anaco de *Eu tamén navegar*, o discurso co que Torres ingresou no 2001 na RAG, a proposta de Ferrín e García-Bodaño.



A escritora Xohana Torres, durante a celebración dunha ofrenda floral diante da escultura de Celso Emilio Ferreiro —con motivo da concesión á autora nacida en Compostela do premio literario Celanova Casa dos Poetas, que tivo lugar na casa-museo de Curros Enríquez o día 31 de agosto do 2002—. De quen sempre se considerou orgullosa discípula foi do seu profesor Carvalho Calero, que impartía Historia e Literatura no instituto de Ferrol e a animou a publicar os seus poemas. En Ferrol tamén colaborou co grupo Teatro Estudio. MIGUEL VILLAR

## Eu tamén navegar

**E**u tamén navegar», así titulou Xohana Torres o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega no 2001: un texto emocionante que explicaba unha traxectoria literaria senlleira, a súa, posta ao servizo do seu país.

Ramón Nicolás

A Xohana Torres, desde o afastamento da presenza pública nos últimos anos, cómpre procurala nunha produción literaria ampla que deixou fóra poucos xéneros: dramaturga, ensaísta, tradutora, narradora —pioneira na tradución de literatura infantil e xuvenil ao galego e autora de varias pezas deste xénero— e poeta. En todos eles manifestou unha intensa coherencia e unha innegable solidez creativa, aínda que talvez sexa no ámbito da poesía onde a súa voz escintila con máis forza. Nela chantou os esteos dunha corrente innovadora, nalgunha

medida rupturista, para proxectarse, desde o seo acolledor da xeración das Festas Minervais, con dúas preocupacións fundamentais: a primeira, deixar constancia dunha ollada ao mundo que agroma desde unha voz de fondas conviccións feministas que soubo abrir un camiño de irmandade e continuidade que se estende ata hoxe en día; a segunda, formular unha visión do Tempo e da Terra que determinan unha poética de revelación e epifanía. As páxinas de *Do sulco* (1957), pasando polas de *Estacións ao mar* (1980), *Tempo de ría* (1992), a compilación *Poesía reunida* (2004) ou o recente *Elexías a Lola* (2016) así o testemuñan.

O seu «Eu tamén navegar», posto en boca de Penélope, pervivirá sempre. Xohana Torres ensinounos que «existe a maxia e pode ser de todos» e seguirá cuestionándonos: «¿A que tan to novelo e tanta historia?».

Comezou a publicar os seus versos na revista do instituto e tamén en «Aturuxo»

A vocación literaria de Xohana Torres —lembra a Real Academia Galega, que lamenta o pasamento da escritora— manifestouse cedo e publicou os seus primeiros versos sendo adolescente na revista do instituto. Algún deles, como *Soidá*, recuperounos no seu primeiro libro, ao igual que *Nai*, que deu a coñecer en 1953 na revista *Aturuxo* animada por Ricardo Carballo Calero. En 1955 recibiu o premio de poesía da Asociación da Prensa de Vigo, compartido con Celso Emilio Ferreiro, por outro poema, *A nosa primavera: toxos*, e en 1957 publicou o seu primeiro libro, *Do sulco* (1957), na colección Illa Nova de Galaxia, acabada de crear para acubillar as novas voces.

Como poeta, publicou tamén *Estación ao mar* (1980), premio da Crítica española en 1981, *Tempo de ría* (1992) e *Poesías reunidas (1957-2001)*. Como dramaturga, cómpre salientar as súas achegas ao teatro da posguerra con *A outra banda do Ibero* (1965), gañadora do premio Castelao de teatro da Agrupación Cultural O Galo, e mais *Un hotel de primeira sobre o río* (1968). Asinou tamén a novela *Adiós, María* (1971), premio Galicia do Centro Galego de Buenos Aires, e, xa no eido da literatura infantil, *Polo mar van as sardiñas* (1968) e *Pericles e a balea* (1984).

A radiofónica foi outra das linguaxes que cultivou con éxito. Nos anos de mocidade participou en espazos emitidos en Radio Ferrol, onde lía textos en galego e poemas de distintos autores. Máis adiante, en 1963, dirixiu en Vigo o primeiro programa cultural radiofónico completamente en galego, *Raíz e tempo*, que acadou notable audiencia durante anos. E colaborou, anota a Academia, na gravación de discos con escolmas de Castelao e Cunquero.

A capela ardente de Xohana Torres abre hoxe, ás 10 da mañá, no Tanatorio Vigo Memorial.

### COPYRIGHT

#### Acuerdo extrajudicial sobre derechos de autor en el caso del macaco que se hizo un selfie

La organización animalista Peta y el fotógrafo naturalista británico David J. Slater llegaron a un acuerdo extrajudicial para resolver una larga disputa en torno a quién tiene el copyright de la imagen de un macaco que se hizo un selfie. El conflicto giraba sobre los derechos de propiedad de la foto que se tomó Naruto en la isla indonesia de Sulawesi en el 2011, y que dio la vuelta al mundo. Slater había dejado una cámara sobre un trípode y Naruto se acercó y apretó el obturador. DPA

### RELATOS

#### Ricardo Cid gaña o concurso Balbino con «De que falarán as árbores»

A obra *De que falarán as árbores*, escrita polo ourensán Ricardo Cid Paz, foi a gañadora da segunda edición do concurso Balbino de relatos. Ao certame literario concorreron 24 textos, que achegaron diferentes visións do rural galego. O xurado, que se reuniu onte en Santiago, destacou a orixinalidade e a modernidade do traballo presentado por Cid. Trátase de quince historias que ofrecen escenarios diferentes. O gañador recibirá 1.500 euros e o libro será publicado por Edicións Fervenza. LVG

### CINE

#### J.J. Abrams escribirá y dirigirá «Star Wars IX»

J.J. Abrams, el hombre que se puso a los mandos de la nueva trilogía de Star Wars con *El despertar de la fuerza*, será el encargado de sustituir a Colin Trevorrow al frente del noveno capítulo de la saga. Completará la nueva trilogía y será el coguionista del filme junto a Chris Terrio (*Argo*). «Con *El despertar de la fuerza*, J.J. logró todo lo que deseábamos, y estoy entusiasmado de que vaya a regresar para cerrar esta trilogía», celebró la presidenta de Lucasfilm, Kathleen Kennedy. Trevorrow hubo de dejarlo por desacuerdos con el guion. EFE

### TEATRO

#### El lucense Oswaldo Digón lleva a Madrid la segunda temporada de su montaje «Gente triste, la comedia»

El humorista y actor lucense Oswaldo Digón presentó la temporada pasada en Madrid su espectáculo unipersonal *Gente triste, la comedia*. Y, debido al éxito alcanzado, prorroga un año más el montaje con una segunda temporada, que inició el pasado viernes. La representación se celebra en los madrileños teatros Luchana, todos los viernes a las 21.30 horas. Nacido en San Román de Cervantes, el guionista, cómico e improvisador traballo tamén en radio e televisión. LVG

### RECOÑECEMENTO

#### Arcadio López Casanova, premio Otero Pedrayo

O escritor Luís González Tosar recolleu onte na Deputación de Lugo, en representación do galardado, o poeta Arcadio López Casanova, o premio Otero Pedrayo 2015. No acto, celebrado no Pazo de San Marcos, o presidente da entidade provincial, Darío Campos, enxalzou a importancia da carreira literaria de López Casanova, a súa renovación poética e a súas achegas periódicas en «cabeceras tan prestixiosas como La Voz ou La Noche, durante a súa estancia en Compostela», así como «o seu relevante papel cultural» xa de regreso a Lugo. LVG